

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE FACENDA**

*RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos.*

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola Orde do 22 de abril de 2019 (DOG núm. 80, do 26 de abril), esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos.

A listaxe de persoas aspirantes admitidas poderase consultar no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

A listaxe de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren en ningunha das listaxes, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para reclamaren ou emendaren o defecto que motivou a exclusión.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2020

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública



ANEXO  
**Relación de persoas aspirantes excluídas**  
**Acceso xeral**

Apelidos e nome	NIF	Motivo da exclusión
Barros Couso, Mónica	***2127**	65

Código	Descrición
65	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de discapacidade

